



### **MARIOLA ORELLA**

**Nivel:** Iniciación

**Xogadores:** 5

#### **Modo de Xogar:**

O/a primeiro/a que xogue tira a tella fóra da orella. Vai saltando á pata coxa percorrendo os cadros, sae fóra da orella apoiando os dous pés, colle a tella e volve a entrar dun salto, segue co traxecto inverso ata que chega ó número 1 e sae.

Volve a lanzar a tella que ten que caer na orella, repite a operación. Logo, no número catro, tres, dous, e un.

#### **Variante:**

Lanza a tella ó número 1 e vai saltando á pata coxa percorrendo os cadros. Sae fóra da orella e segue o traxecto inverso ata chegar ao cadro anterior onde está a tella. Recóllea e salta esa casilla e volta a saída á pata coxa. Así sucesivamente ata orella.